


Núm 108

Tomo 9.º

nóis



CATLÁS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20—SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 »
Número solto 0'70 »

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

MADRIGAL MORTO, por RAFAEL PAZOS JIMÉNEZ.
AS LÉNDAS DA FONTE POMÁS, por ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS.
BALANCE E INVENTARIO DA NOSA LITERATURA, por RICARDO CARBALLO CALERO.
CARMINA CITHARAE, por XOSÉ PEREIRO CARRÓN.
MISCELÁNEA: Contra la pestilencia, por X. L.
ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA.
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDACCIÓN.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Decembro do 1932 ★ Núm. 108

M A D R I G A L M O R T O

Por RAFAEL PAZOS JIMÉNEZ.

Madrigal dos ollos verdes,
viñeches encol do mar
a biçar un mariñeiro
afogado no serán.

Crucificóuse de luces
de sardiña un espadón,
rachóu o ventre das augas
i o corazón sin os dous.

Non vén gaviota sin medo
a pousar sobor dun mastro,
mariñeiro sin acougo
que comunicas cos astros.

Madrigal verde dos ollos
ai! madrigal madrigal,
un galeón pasóu preto
con azas de soedá...



AS LÊNDAS DA FONTE PORMÁS

POR ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS

A maxinación popular teceu á carón das fontes feixes de lèndas que viven no arquivo do fogar aldeán dende tempos moi lonxanos. Afastados do eixe central da hestoria, os pobos máis isolados mostran hoxe as súas manifestacións folklóricas que pasaron de xeneracións á xeneracións con poucas misturanzas; en troques aqueles que ficaron nos viciros que daban paso ás novas culturas tiveron unha misturanza con formas alleas axeitándoas craramente pra eles, evolucionando do mesmo xeito que evoluciona a cultura.

Non é doado precisar o orixen de moitas lèndas e o momento en que o pobo se fixo dono d'elas, entraron no pensamento das xentes con tenreza primitiva e conservan a sinxeleza que as fai máis familiares, cando se refiren nas noites de inverniá entranto zoa a cachopeira nos agros de o pé da porta.

Os motivos que deron lugar ás lèndas son moitos, e non sempre se respetou o primitivo lugar do emprazamento, misturándose con outras, apricáronse á novos ouxetos.

As fontes teñen un folklor abundoso e interesante. Quizáis a veciñanza á moimentos de orixen lonxán que o pobo non tivo o seu alcance deu comenzo á lèndas que máis tarde colleron no seu circo os nacentes de auga que afloran á superficie nas prousimidades de Santuarios e teñen as maors propiedás meicifientas. Os favores do santo amóstranse nas augas; ista auga, que pra percurala é mester levar á cabo longas camiñatas, afasta da casa os agoiros, fadas, esconxura o trono e mata os bechos nos eidos espaxada con ramos de oliveira, traendo a fartura ó fogar. Os nacentes que fican perto de an-

tergos moimentos onde o pobo olla a obra dos mouros mostran o seu encanto en detremiñadas ocasións i-en difrente forma, alí fica escondido o tesouro cuio desencanto e ancelo máis vivo que latexa na pantasia popular diante o ouro fabuloso das lèndas milenarias. Iste ouro cobizado non sempre queda soterrado baixo a garda da briosa serpe, do xigante, da rumbosa tendeira ou da belida dona que peitea seus cabelos con peites rechamantes; ás vegadas o ouro corre misturado co-a auga que vai lodenta i-ende-xamáis a bebe quen á ela se arrechega, laiándose despois o saber as riquezas que abrangula no intre que deixou de beber. Canto estoncias decorría era ouro e os beizos do sedento pousando na lodenta auga desfacían o encanto.

Algunhas fontes son visitadas pol-as bruxas os sábados como acontece na fonte do Castro de Fameiga (1), e outras non poden ser olladas por elas maormentes na noite de San Xohán; pol-a noite as augas teñen a vertude do santo, por iso se recolle denantes de sair o sol, lavándose con ela pra que non doian os ollos. Se aquela noite as meigas tocan á auga da fonte descubren os seus segredos quedando espídas de toda arte máxica. Tal é a creencia que recollemos en Loureiro de Cotobade, n-outros sitios son as mouras quen se peitéan na fonte (2). Ista meigas semellan as *gojas* que non poideron

(1) Fameiga, lugar da freguesía de Augasantas no concello de Cotobade (Pontevedra), información dada por Xosé Raxó.

(2) No outeiro de Vimieiros ou de Dentiz é unha moura quen peitea seus cabelos n-unha fonte que aparece o poñerse ela sobor d'uns penedos. Vid. Catálogo dos Castros Galegos. Fasc. II. Terra de Celanova, páx. 8.

seguir o hereu cando lle fuxé co-a *tovallola* por mor de mollarse no rigueiro, pregándolle que non perda somellante achádego, que endexamáis será probe (1).

O encanto que vive acobillado ante as augas cuio guardián é unha inorme serpe, atópase con unha longa vida afastado do tempo como rexo outeiral que non encertan os ventos húmidos da outa montana; de pais á fillos trasmitese a lenda das donas encantadas sin precisión da data en que sua vida quedou apresada na fonte, téñese como algo estancado, os anos non pasan pras belidas donas cuia morada é o vieiro soterrado das augas: seu estado é na maior parte dos casos de vixilia, pois ninguén ollou ás donas encantadas ir en procura de alimentos; en troques os mouros castrexos van ás vegadas procurar alimentos como refiren do castro de Ferreira de Pantón, na provincia de Lugo.

Moi poucas veces refire o pobo a maneira como foron encantados os personaxes que viven en somellante estado, conoscendo en troques a maneira de desencantar toda crás de tesouros. Nas lendas da Fonte Pormás referíronnos o xeito de facer o encantamento e as maneiras que hai pra conocer os tesouros. O noso informador, chamado Manuel Cardelle Conde, home de corenta e cinco anos, ten certa esprencha do ouro soterrado, pol-os relatos que seus finados lle fixeron; asegurounos que había dúas maneiras de sacar os tesouros: unha co libro de San Cibrán, pero iste é libro moi vello e de manexo perigoso por non sinalar con enteira certidume o emprazamento do tesouro nin as traves de alquitrán que alcenden unha fogueira todo o redor do tesouro morrendo co-a fumaza non somentes cantos se atopan á sua beira senón as freguesías de moitas leguas o redor; a outra maneira de conquistar canto ouro hai debaixo da terra lévase á feito con un libro que venden en Barcelona e traí unha *vara máxica*, ista vara posta perto do tesouro incríñase pra sua banda.

Atópase a Fonte Pormás emprazada no Concello de Arzúa, na freguesía de Castañe-

da (Cruña) perto da estrada que vai de Santiago á Lugo.

As lendas que nos referiron son da fonte e de un gran outeiro emprazado á sua beira, cuílos cimentos atinguen as augas da fonte.

Hai algúns anos a xente que pasaba pol-o camiño da fonte ollaba á beira d'uns grandes outeiros unha chea de figuras que aparecían de moi difrentes xeitos e desaparecían tan axiña como tencionasen ollar de perto somellantes figuras. Os vellos aseguraban que todos aqueles *enredos* que aparecían eran encantos cuia morada abranguía grandes pazos soterrados cheos de riqueza. As figuras que aparecían eran de total-as crases e pra desencantalas precisaban xente de moito valor e inocente, non podía estremecer diante ningún encanto que rebulise na sua beira, ficar quedos e calados sen arrepiarse nunca, era o primeiro que tiñan que facer pra conquistar o ouro soterrado.

Unha noite foran un vello i-un rapaz para sacar os encantos que moraban perto do penedo. Chegaron á beira da fonte i-escomenzou o vello á ler non libro (o noso informante supón que debía ser o de San Cibrán), sen ollar pra ningures, cando levaba a metade lida apareceu un xigante vestido de militar, era moi outo e pendurábelle d'un cinto relumante unha inorme espada. Sinteuse un funguido de vento lonxano e o xigante empunhando a espada zorregou coela n-unha peneira fendéndoa pol-a metade. O rapás ollou pro burato e veu un fatelo de santiños de ouro; arrechegouse e collendo ún por un brazo exclamou:

—Ai Jasús, cantas cousas!

No intre de falar fechouse de novo a peneira ouvindo un inorme ruído, pero o rapaz tiña collido un santo por un brazo que non ceibou, a pesares do ruído; e máis tarde vendeuno a un reloxeiro de Santiago, porque aquel brazo era de ouro e deulle moitos cartos.

* * *

Un fidalgo que moraba perto da fonte tiña unha filla moi belida, á que requerían en amores todos os mozos da bisharra. O fidalgo non consentía á ninguén tratar o casoiro

(1) Aples Mestres. Folklore Catalá y Tradicións. Barcelona 1895, p. 166. V. Constantino Cabal. Mitología Ibérica. en Folklore y costumbres de España. T. I, p. 211.

coa filla e pra arredala do perigro foina encantar á fonte Pormás.

Unha serán estaba un mozo n-unha rozada e ollou chegar o fidalgo coa filla e os criados con sacos ó lombo; marcharon os criados, despois de pousar a trouxa e un adival que ia envolto n-un saco, quedando soios pai e filla. A moza choraba á fio agarrada ós brazos do seu pai; pregándolle de xionllos que non-a deixase alí; pero o pai non fixo caso, somentes lle dixo:

—Non teñas pena; quédache con que valerte.

O fidalgo sacou un libro i-escomenzou á ler; ó pouco tempo a moza meteuse pol-o cano da fonte e seguidamente os sacos que levaron os criados seguiron o vieiro que levava a moza; quedou fora o adival, e o fidalgo continuou lendo moito tempo deica que o adival transformouse n-unha gran serpe longa e grosa que foi meténdose pol-o cano da fonte. Cando ia desaparecendo o home cerrou o libro e díxolle:

—El que te desencantare, nove veces detrás del cachazo te ha de besare (1).

O mozo deixou a rozada e foi á casa, pero ó pouco tempo tornou á fonte Pormás pra desencantar á fermosa rapaza que el ollara agachar antre as augas. Á poucos pasos da fonte apareceu unha muller que lle dixo con certa tristura.

—Se non tes valor, non me desencantes.

O mozo sen arrepiarse chegou á beira da fonte, e sentouse n-unha pedra e ouvindo un grande ruído nas augas veu saír un inornê colebrón pol-o cano da fonte. O mozo deulle tres beixos por tras do cachazo e a serpe tornou pra fonte. Tornou á saír a serpe, agora que con menos ruído e poñéndose dreita diante do mozo levou outros tres beixos i-engoliuse na auga. Á terceira vez saleu coase mansiña de todo e ó darlle os beixos caeu no chan feita un adival. N-aquel intre escomenzou un ruxido inornê de cartos

e apareceu a moza cos sacos cheos de ouro que seu pai lle levava e que ficaban gardados pol-a serpe.

A moza non quixo volver á casa de seu pai e foi casar á eirexa da parroquia co mozo que a desencantara (1).

* * *

Enteirouse unha muller en Castela da facilidade que había na Fonte Pormás pra encantar ás donas e anxeosa de afastar as fillas da sua banda, veu traguelas eiquí deixándolas encantadas do mesmo xeito que a filla do fidalgo, somentes que á istas ninguén as ollara encantar.

Ficaron soterradas moitos anos sin aparecer á ninguén, deica a vellés de sua nai. A velliña ollando perto a hora da morte e atopándose soia cramaba pol-as fillas. Un ano foi un mozo de Arzúa ás segas de Castela e falou da auga fresca de Pormás onde tantas veces bebera cando facía as rozadas nas chousas de toxos e silvas. A muller que ouvíu falar somellante cousa chamou ó segador e dándolle tres bolos de pan pregóulle que con moito segredo os fose poñer na fonte sen que de ninguén foran ollados, decíndolle cando os pousase:

—Oureiña, oureana,
toma este boliño
que che manda túa ama. (2)

Poñendo os tres bolos ganaría un grande tesouro que gardaban os encantos.

O mozo chegou da sega e fechou os bolos n-unha arca do pah, pero a muller ollou un pol-a fechadura. De mañanciña foi o segador á fonte e pousou os pans decindo as verbas que lle foran encarregadas. Co primeiro saleu unha moza que fuxeu correndo, do segundo saleu outra moza do mesmo xeito

(1) En Galicia son moitos os lugares que teñen os encantos gardados por serpes. Vid. Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey. *Os Oestrímonos, os Saefes e a Ofolatría en Galicia*. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, tomo II. 1929. Na pág. 144 hai unha fórmula de desencanto moi semellante á ista.

(2) En Asturias hai un casto; «La niña encantada», que é moi somellante ó noso, somentes que a serpe ven de uns outeiros. Vid. Aurelio del Llano y Roza de Ampudia. *Del Folklore asturiano...* Oviedo 1921.

(3) Hai unha lenda variante de ista en Castro Pedro. Vid. Catálogo dos Castros Galegos, fasc. IV, Bisbarra de Melide, pág. 21 e un estudio sobre da forma aureana na pág. 70 e seguintes.

to que a primeira e no terceiro remexíanse dentro moitas cousas e ouvíuse unha vos de muller decindo:

—Temos ser felices, pero por culpa da túa muller doblouse o meu encanto. Leva ise xustillo e pónllo á túa dona.

O mozo agarróu a peza de roupa que lle dera o encanto e marchóu camiño da casa. Denantes de chegar ó lugar paróuse n-un souto e penduróu das ponlas d'un castiñeiro o xustillo; no intre escomenzóu unha luma-reda no albre que abrasóu todo, quedando somentes o carozo que inda hoxe fica no sitio. (1)

A moza encantada ficóu ali moito tempo sen sair do acougo deica unha serán de tre-boada en que houbo moitos tronos e saleu a

(1) Temos recollida outra lenda somellante á esta en Coto-bade, encarregando pra sacar o encanto levar un pote á un co-to e poñelo sobor d'un outeiro dando tres voltas ó redor. A muller sita o pote e quérbaile un pé. O encanto non saleu pero deulle unha cinta moi fermosa pra cintura da muller, mais de-nantes de chegar á casa púxo a no pé d'unha creixeira pra ollar cómo campaba, e toupou o albre.

En Portugal desfais o encanto con tres paus colocados ná Cabeço do Castel sobor do Penedo Amarelo, pero o home á

moza en figura de *fusil*, ollándoa moitos do lugar sobor das augas.

O remate da derradeira lenda mostra unha misturanza con outras que seguramente se perderon ou algunha allea por complot a Fonte Pormás. Lembramos un relato referi-do, en San Esteban de Ribas de Miño, por unhas mozas, relacibado con unha peneda chamada a Pena do fusil, emprazada na beira do río, nas prousimidiás da devandita feligresía; chamada así por un saínte que garda somellanza con un fusil. As mozas informadoras dixerón que o fusil era unha dona encantada. Coidamos que sin ser isto precisamente a peneda que se refire de Por-más sexa outra moi somellante que nada teña que ver con ela, a non ser unha nova maneira de desfacer os encantos descoñe-cida deica o de agora.

quen se lle prega que desfaga o encanto non o consegue, es-tra-mando a persoa que mora baixo do penedo.

—Valte que me dobraste o meu encanto.

José Diago, Revista Lusitana 1917, .V. Constantino Cabal, ob, cit. p. 297.





BALANCE E INVENTARIO DA NOSA LITERATURA

POR RICARDO CARBALLO CALERO.

A galeguización de Galiza ten dado un fremoso avance no presente ano. A obra resoante de «Ultreia», as xornadas magnificas de galeguismo universitario, a eclosión da conciencia autonomista da Terra, marcan sulcos imborrables na leira das nosas espranzas. Cara ista gran vendima dos acios da renacementa, a colleita literaria non semella copiosa. Cicáis isa mesma aitividade política e social dificultou o frorecer numeroso das letras. Cáxeque todo o máis granado dos escritores galegos andivo atafegado en tarefas parlamentarias, orgaizacións políticas e culturais, conferencias de divulgación cultural e política, que lles impidiron consagrarse asiduamente ao cultivo da súa arte peculiar: a arte de escribir. Engúdase a aquelas anqueiras a da investigación científica, que sempre roubou tempo á maoría dos nosos artistas literarios de hoxe.

Obras puramente literarias de algún decoro, apenas lembramos seis. Pedimos de antemán perdón aos inxustamente esquecidos, se os houbera. Tres libros de verso e tres libros de prosa.

Istes derradeiros debidos á Alvaro das Casas e Ramón Otero Pedrayo. O primeiro dóunos as «Xornadas de Bastián Albor» e o segundo «Contos do camiño e da rúa» e «Morte e resurrección». Os libros de verso son «O vento segrel», «Poema en catro tempos» e «Mar ao norte». Co derradeiro inaugura Alvaro Cunqueiro, feixe de lóstregos de inqueda, a súa lírica roita, baixo un signo revolucionario non menos estremista

que o que preside a táctica da Federación Anarquista Ibérica. Ditosamente, non hai Lei de Defensa que aplicarlle, inda que moitos a desexaran.

Poesía de esquerda moderada, poesía gubernamental dentro do parlamento da opinión galega entendida, é a dos outros dous libros de poemas, debidos respectivamente á Augusto Casas i Eduardo Blanco Amor. «O vento segrel» inclúe algúns poemas de acusado antigo réxime. De ningún xeito cabe atribuílo a retraso mental do autor —quen, pol-o demáis, espresou públicamente a súa admiración pol-a poesía de «Mar ao norte»— senón a data das composicións referidas, ben anterior á data de edición do libro. O cal, por outra parte, é de unha intención ponderada que o coloca perfectamente dentro do marco da verdadeira orientación que, en punto a futuridades e arcaísmos, creemos debe seguir a poesía galega de hoxe. Persoalmente, preferimos «Poema en catro tempos», que pra o noso gusto é o mellor libro de versos galegos de 1932.

As «Xornadas de Bastián Albor» proban unha vez máis que Alvaro das Casas é un dos nosos mellores prosistas. «Contos do camiño e da rúa» é a mellor obra literaria escrita na nosa fala no ano que acaba de finar. De concepción menos vasta que «Os camiños da vida», é, dentro da súa meirande limitación, obra máis perfecta, pois está ceibe das tres ou catro páxinas hiperrománticas e melodramáticas que escorregarón n-aquela obra, e que non nos acaban de satisfa-

cer, cicáis pol-a tendendencia un pouco socarrona do noso espírito.

Pra o novo ano temos coñecimiento de que se preparan os seguintes libros de verso: «Nao senlleira», xa no prelo, de Fermin Bouza Brey; «Corazón ao vento» de Aquilino Iglesia Alvariño, e «Poemas do sí e do non», de Alvaro Cunqueiro. Coñecemos os orixinais dos tres libros. O primeiro recolle as xoias líricas espalladas en revistas pol-o seu autor, i engade algún inédito. Non creemos —oxalá nos desminta a realidade, pra orgullo e gloria da lírica galega!— que, sexa superado en moitos anos. O segundo prosigue e depura a liña de «Señardá». É un libro sinxelo, espido, feito cunha fremosa inxeleza, na que o poeta se nos dá enteira e humanamente como é. O terceiro é un feixe de poemas de vangarda, algo ao Alberti, que aporta novos matices á estética de «Mar ao norte.»

Otero Pedrayo ceibará o aplastante aerolito de un «Xelmírez». Trátase do relato novelado do viaxe do gran galego a Roma pra outel-o palio arcebispa. Temos escoitado a lectura de varios capítulos de ista obra. Os trozos evocadores da vida do medievo, o desfile de tipos, as descrições de cidades,

produxéronnos unha impresión de extraordinaria grandeza. Todo o mundo cristián medieval está n-ise libro evocado pol-a varela máxica da arte; como o mundo helenístico está na «Afrodita» de Pierre Lotys, como o mundo cartaxinés está na «Salambó» flaubertiana, vivo, poderoso, rico lostregante. Ademáis, un Xelmírez de Otero —hai que decilo— non é menos interesante que un Napoleón de Ludwig. Se o autor de «Arrededor de sí» acerta a depural-a acción novelesca, a unxila de sobriedade, a reconcentrala, a erguela a súa nova obra será a súa obra definitiva, e Galiza terá dado unha figura á literatura universal.

Agardamos tamén pra o ano próximo un libro de relatos de Castelao, lidos xa algúns na festa da prosa que fai anos celebróu o Seminario de Estudos Galegos. Creemos que o xenial artista non deixará decorrel-o 1933, sen nos brindar ise presente tanto tempo esperado.

Desexaríamos eisimesmo que a «Mitteleuropa» de Risco aparecera axiña, e que Filgueira Valverde nos dera a antoloxía da literatura galega que algunha vez nos prometéu.





P A P A I

POR ALVARO DAS CASAS.

Pra Xurxo Lourenzo.

Na noite, pecha e fonda. Estrelas que cintilan esvaldas no luar, later de cans nas lonxanías e o mormurio dos regatos que rechouchían á ferver ledicias no colo, requentado de néboas dos amieiros.

No curro de Paio Carballo, isolado de falas, conversan dous cativos: máns afiadas pol-o vento, beizos enmarelados de friaxe, ollos quentes e trenguelear pol-as ponlas espidas dos arbres onde o moucho asubía sen espanto.

—E tí, vichelo ben?

—E sí que o vín.

—Estaba teso, rexo, com'un garabato.

—E xelado com'os monecos de neve; pal péille unha man, e semellaba pedra orballada na mañanciña.

—Longo, longo, coma si medrara no intre final.

—E tiña os ollos abertos ollando pra ninguens.

—E os cabelos húmidos, non sei aínda si húmidos de suor, de sangue, ou de chuiva.

—Por acaso húmidos de bágoas.

—Ninguén o chorou.

—Dín que Nosa Seora chora por riba de todol-os que non teñen nai que os chore, (longa pausa).

—E morreu esí, sen saber como.

—Esí, com-os pelengrinos dos contos da escola.

—Eso non. Os pelengrinos teñen rente un anxo de asas de oiro que olla azul, como a estreliña do abreinte.

—E Bastián de Miñortos, o coitado, pelengrinou por todol-os camiños do mundo.

—*Afilador... Afilador...* Aínda estou a escoitalo cando se foi pol-a terra chá.

—Bastián de Miñortos!. Nome pra casorio con aquela fada que denantes salaíaba den-de o máis outo do castelo de Ouris, (longa pausa).

—Agora non voltará á falar endexamáis.

—Foi home bó e falará cos santiños do Ceo.

—Non poderá; fáltalle a fala.

—Di miña nai que ás boas xentes chámaas Deus cando morren, e alá van rente d'Ele á falar con santos e mail os querubíns.

—Tí non te decatas ben! Bastián de Miñortos non ten fala pra falar, si a tivese preguntarianos pol-o seu fillo Pepiño Nombelo.

—E non preguntóu.

—Nin ten ollos pra ollar.

—Os ollos tiñaos ben abertos, desto si me decatei. E que medo daban!

—Non, non; non ollan xa. Nin á tí nin á mín nos coñeceu.

—Ou si, o que pasa e que coma non ten fala non puido decirnos ren.

—Son ollos que non ollan; as Virxens das irexas tén ollos esí.

—Mais os santiños ollan, e levan conta das xentes ruíns e dos homes de ben.

—A conta lévanna pol-o cheiro.

—O qué?

—Os maus pensamentos botan cheiro de xofre.

— Ave Maria! (pausa).

— É longo... longo... Medrou no intre final coma si tivese os pés por esas terras dehi fora e quixera chegar co-a fronte ao colo de Pepiño Nombela (pausa longa).

— Coitado rapaz.

— E tan cativo que non lle ferirán guillóns de señardá.

— Mais si oxe vai tamén aos niños de perdís, e lle dá por remexer nas silvas...

— Qué?

— E pega co aqueles ollos... Tí decátaste, Lelo?

— Cala (outro silencio).

— Bastián de Miñortos, cando voltaba dos seus viaxes, sempre traguía puñados de onzas na faldriqueira.

— Eso din.

— Maxina que esf, afastado de lugar...

— Ti pensas que morreu de man de home? Os ladróns, por un casual?

— Eu penso que morreu das febres de Castela.

— A gabilla de Telleira anda por estes tempos no camiño de Ramuin.

— Pois si os rapuñeiros dan co cadabre, roubanno, e fica sin pan Pepiño Nombelo.

— Os ladróns fuxirán porque a Xustiza non lles poña á morte.

— Fuxirán levándolle os cartos.

— O cativo ficará soio, orfo de pai e nai, e sin casal que lle dé achego.

— Mañán na mañanciña xa andará á pregar esmola pol-as portas Pepiño Nombelo.

— Baterá nas cancelas dos pazos fidalgos... Pum... pum...

— Unha esmoliña pol-o amor de Deus!

— E nin terá unha códea pra tirar a fame, nin cunca de caldo pra espaventar a friaxe, nin pinga de agua pra a sede dos camiños.

— Mañán, pol a mañanciña...

— Eu... (pausa longa).

— E á ti, cando diche co morto, non che pegou un arrepio?

— (Teimando na sua mágoa). Longo... longo... Frio com'unha campa de sagrado, rexo com'un estadullo.

— Semellaba un espanta paxaros.

— Eu... (outra pausa).

— A fame rilla nos folgos e — ¡mala centella! — roxe coma os ratos nas artesas podres.

— Eu pensei na fame de Pepiño, sabes? Rexistrei o morto e, sin que ninguén me vise, collille os cartos que levaba no bolso. O rapaz xa non terá fame: olla canto billete e cantos pesos. Fixen ben, verdade? Pro aqueles ollos duros, afiados, brillantes, teños cravados nos miolos. O morto era longo... e fondo. Ai, canta fondura lle vin!

— Cala. Non escoitas? Chega alguén; si escoitan temos cadea certa; peor que si fóssemos rapuñeiros da gabilla.

— É o Pepiño Nombelo.

(Pepiño) — Imos ós niños?

— Non, non.

(Pepiño) — É que mañán chega meu pai e despois xa non podo sair de noite (pausa longa).

(O pequeno, dándolle os cartos azorado, sin sabere coma espricarse) — Toma (e fuxe).

(Pepiño) — Mañán ven meu pai e terei cartos de abondo; estes dame o corpo que son roubados. Pillabáns. (Tira lonxe de si os cartos que batén con estrondo de moita prata. Logo fica inquedo de dúbidas, tremente de medos). E si me pillan á mín... E si pensan que son eu o ladrón... Alá ven xente. Decataránse. Ai, miña naiciñal! (e rompe á chorar estragado de espantos). Papai! Papai!... Papai!





C A R M I N A C I T H A R Æ

CUASI SERENATA EN DOUS TEMPOS

POR XOSÉ PEREIRO CARRÓN.

A ti.

I

Tola sorríe no ceo a lúa.....
Desque governa
no fondo abismo
móstranos triste, na face súa,
cal rei nas ténebras,
o escepticismo.
Imperios, reinos ¡cántos!.. seus ollos
viron impávidos
ó fin loitar:
sangue maldito d'irmáns... despollos,
que a sua estela
foi salpicar.
A Vírxe Diana, de castos senos,
ó culto atende
do escuro chán:
Lúa, adourada no pobo heleno,
dea nouturna,
de Febo irmán.
Ó pé das aras... perfumes... láudes...
e dos incensos
enrededor,
bacantes danzan en raudos bailes,
dos tirsos craros
cresce o rúmor.
Antes qu'a aurora denuncie o día,
acompasadas
de cara ó mar,
plúbrico ritmol... xiran na orxía
e a lúa elevan
o seu cantar:

«¡Ou Vírxe Diana!.. A ti, Jozeaira helena
saetera Deidade; a ti, que fendes
dos nosos peitos o insensíbre mármore;

Inix nouturna;

Fenicia Astárte, d'Asia Numen, Dea
qu'ó pé do Líbano, en calada noite,
no lazo afeudas, qu'en segredo tendes,
os seixos puros;

Hymnia sagrada, que dirixes leda,
das musas-ninfas o armonioso coro;
fecunda Nai dos astros, nai Manopsa,
d'Efesa gloria;

Lucifera Artemisa, sol da noite,
Hécate crara que n'antorcha ofreces
do irmán Apolo a luce benfadada;

Febo brillante;

Casta Dictina, qu'en rubor sinxelo,
na polícroma veste arreboxada,
cal pombas limpas pra ofrendar ó Zeos,
teus froitos celas;...

Hastra o escabel, d'o rexes a infindade,
do incenso a nube perfumada acolle!...
do mundo inxente a adouración nouturna,
Deidade augusta.»

Mais himnos... preces... d'incenso as nubes
ó alto chegan?...

A lúa sóla

da noite crara rexe a quietude...

A lúa en alto
sorríe tola.....

II

Tamén eu afaneim'en hachar
do meu canto a felice expresión;
tamén eu aspiraba á cantar
do meu peito a primeira pasión.
Menta, bálsamo, nardo, azahar..
quén ¡cal élas!.. poidera exprimir,
quén ó pé do teu trono vivir....
densa nube d'incenso queimar.

E decote contigo danzar,
dos teus ollos a vida beber;
o azabache dos rizos peinar
que, axitados, teu corpo ó mover,
asemellan de bucle un colar,
no que prendes a vana ilusión
dos que xogan co seu corazón
xogos ledos qu'ó fin fan chorar....

Noite e día por tí meu querer
soio vive, do campo cal flor,
que tristeira, sin sol, vai morrer
cando o lume lle nega a calor.
E si as i-almas s'añudan n-un ser,
o castigo que pensas me dar,
ó teu peito fará atormentar:
¡xusta lei!... contra tí ha de volver.

Miña lúa serás, meu amor
outro encanto pra mñ será fel,
e por tí, si é posibre, a door,
mais gustosa sería qu'a mel.
Mais... eu coido; cicais meu penar.
cal, á lúa, che faga sorrir....
¿Hastra tí chegará meu sufrir?..
¿Hastra tí chegará meu cantar?....

Betanzos, 1932.



M I S C E L Á N E A

«CONTRA LA PESTILENCIA»

No libro IV, fol. 12 v. dos Libros de instrumentos vistos e anotados por Alonso Váñez de Palmoy, notario apostólico e chanciller do Cabidoo Ourensán que foi pol-os anos meios do século XV (1467), atópase a seguinte receta:

«Tomen 12 ou quinze graos de loureiro secos e sean bien molidos et cernidos et bueltos con una onza de agua rosada et outro tanto uinagre branco et buelban con ello

doze ou quinze gotas de leche de figuera et si la leche non podieran haber, tomen en su lugar dos ou tres leños de la figuera cortados non moy menudos et mezanlo todo con un palo de figuera et denlo todo a beber al paciente dentro de las seis oras que le diere et cubranlo bien et si sudare guardenle la sudor et con la gracia de Dios que el mundo de nada crió, será libre et sano el que esto ficiese; empero si fuere mozo de poca idade o hombre de poca complexión, denle la metade ou las dos partes de esto».—X. L.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

CANTIGAS POPULARES DE CEDEIRA

- | | | | |
|---|--|----|--|
| 1 | Non chas quero, non chas quero,
nabizas do teu nabal;
non chas quero, non chas quero,
que me poden facer mal. | | acordeime de as papas
que me quedaban no pote. |
| 2 | A muller que ha de ser miña
ha de ter cara de pau,
a barriga de cortiza
e a naris de bacalao. | 9 | San Andrés de Teixido,
medias azules;
tírame pol os zocos
non me arrabuñes. |
| 3 | Si ti viras o que eu vin
aló lús na baixa mar:
dous salmonetes e un crego (1)
loitando c-un calamar. | 10 | Fun á San Andrés tan lonxe
c-unha cesta na cabeza;
fun por mar e vin por terra
o Santiño mo agradeza. |
| 4 | Teño polainas de buxo
tarrañolas de burel
para darlle ó meu compadre
porque zurrou á muller. | 11 | Ofrecinme á San Andrés
por saber si me casaba;
hei de volver outro ano,
hei de quedar como estaba. |
| 5 | Ainda que son das do toxo,
criada na carrasqueira,
tamén sei beber o viño
como os que son da Ribeira. | 12 | Ofrecícheme unha tunda
na casa de Bimbiela;
ofrecícheme unha tunda,
agora veño por ela. |
| 6 | Eu bonita non-a son
fea non me quer ninguien;
coidadiño coa bonita
que tanto coidado ten. | 13 | Ofrecícheme a figueira
agora véñoche ós figos;
agora dasme un corredo,
agora xa non chos quero. |
| 7 | De trebellar con as nenas
rompin as miñas polainas;
agora teño outras novas
non quero xacarandainas. | 14 | Non quero que te vaias
nin que te quedas;
nin quero que me deixes,
nin que me leves. |
| 8 | Indo pol-o mar abaixo
embarcado no meu bote | 15 | Pol-o mar abaixo
vai o tío Toxeiro,
picando no toxo
no seu picadeiro. |

(1) «Crego», nome de unha crás de peixe.

CANCIONS DE BERCE

- 1 E que tés,
e que foi;
ehí che ven teu pai
e máis a tua nai...
Ah...

- 2 Ah, meniña, ah;
zapato no pé,
sardiña salgada.
pro noso Xosé...
Ah...

Recollidas por
ISAAC FORNEIRO BARANDELA

DO CANCIOEIRO DE BORNEIRO (CABANA)

- 1 O caravel cando nace
medra pol-as catro esquinas;
o amor cando pretende
non conta senón mentiras.
- 2 O que non canta nin baila,
á que vai á foliada?
deprender catro mentiras
para contar de chegada.
- 3 Mozo que estabas na porta
coa man na faltriqueira;
o que ven pra namorar
non se pón de esa maneira,
- 4 No muiño donde eu moio
tamén moie unha señora;
chégalle o gran, queridíña,
chégalle o gran, que non roia,
- 5 Rego arriba, rego abaixo,
eu e mail a miña moza;
rego arriba, rego abaixo
armamol-a nosa roza.
- 6 Costureiriña bonita,
dime dónde tel-a cama.
—Na orilla da lareira,
antre un mendíño de palla.
- 7 Moito liño fai aresta,
moito fiado fai pano;
o que ten a muller vella
ten bacalao todo o ano.
- 8 Onde hai rapaces, hai bulla;
onde hai mozos, alegría;
onde hai dous vellos na casa,
roñan, roñan todo o día.


- 9 Por aquí vai un camiño,
por aquí vai un carreiro;
por aquí ha de pasar
total-a fror de Borneiro.
- 10 Vivan Borneiro e Dombate,
Vilaseca e Fontefría,
que eran as catro partidas
onde eu me adivertía.
- 11 En Borneiro hai boas mozas,
en Vilaseca fror de elas,
en Dombate son choronas
e no Briño micaelas.
- 12 As vellas do meu lugar
levan un ruído armado,
por causa de unha galiña
que quixo montar un galo.
- 13 Os mineiros da Cidá
todo é unha pandilla;
nunca pensaron que houbera
mineiros na Cagalliña. (1)
- 14 Si os señores son conformes
eu quero vel-o retrato,
solo por ver á Prudencio
salire arrodillado.
- 15 O que podemos decir,
dentro de catro chavolas:
que non atopamos máis
que anacos de cazolas.

(1) Esta cantiga e algunhas das que siguen fan referencia ás escavacións feitas no castro «A Cidá», da parroquia de Borneiro. Cagalliña é o nome de un barrio de Vilaseca, lugar da mesma parroquia e de onde había algúns traballadores nas ditas escavacións.

- 16 O traballo da Cidá
hase de ver nos diarios,
pra que veñan vel-as fincas
de os nosos propietarios.
- 17 Tel-a camisa ben branca,
bueno á quen cha lavou;
tua nai no lavadoiro
canto xabrón lle botou.
- 18 As nenas de Vilaseca
todas xuntas n unha eira
unhas cantan, outras bailan,
outras andan á xaneira.
- 19 Ai que pereira tan alta,
enriba ten mil euredos;
os mozos, cando pretenden,
nunca ten os ollos quedos.
- 20 Costureiriña bonita
a tua agulla picoume;
como eras bonitiña,
a picada consoloume.
- 21 Aquil que anda no baile
vai poñendo no sombreiro;
vai fumando no cigarro,
pode fumar bieiteiro.
- 22 Si ti queres e eu quero,
quen nol-o ha de privare,
de facel-a cama xuntos
para mañán madrugare.
- 23 Fun ó muiño con Paula,
fun ó muiño con ela,
fun ó muiño con Paula,
fun en paz e vin en guerra.
- 24 Mui muiño, mui muiño,
bótame a fariña fora
que a filla da muiñeira
ten un cantar que namora.
- 25 O muiño no-é muiño
que é a capilla dos ratos,
donde se daban os bicos
e mail-os moitos abrazos.
- 26 Miña nai, tiraime a cea.
si querés que vol-a coma:
teño que ir ver unha nena
antes que a lúa se poña.
- 27 Miña nai, dádeme a cea,
que quero ir ver á Carmela,
que hai moito que non-a vin
e xa toleo por vel-a.
- 28 No lugar de Vilaseca
hai unha pedra picada,
para se sentar os mozos
cando ven da foliada.
- 29 Saralala estaba mala,
veulle o sol pol-a ventana;
erte, Saralala, erte.
—Non podo que estou moi mala.

Recollidos por

XAQUIN LORENZO



OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O CONGRESSO PAN-CÉLTICO de 1933.

A *Celtic Association*, fundada en 1917 —enantes houbo outras dúas: a fundada en Dublín, que durou de 1899 a 1908, e a fundada en Bruselas, que durou de 1908 a 1914— que ten a súa Secretaría xeral en Dublín, regida por Miss Agnès O'Farrelly, no seu recente Congreso, tido do 5 ao 9 de Setembro 1933 en Truro (Cornwall) acordou ser o de 1933 en Brest, do 17 ao 23 do mes de San-Iago vindeiro.

Encargada a Bretaña de preparalo, foron nomeados delegados do Comité os Sres. Pierre Mocaër, presidente; Mrs. Lalouet e Corre, vicepresidentes; Caradec e Daniel, segredarios; Treguier, tesoureiro, e Senglard, Comisario xeral. O Segredario do Comité residirá en Brest, 4, rue Emile Zola.

O Comité de Festas e o Sindicato d'Iniciativas de Brest ofreceron o seu concurso.

Mr. Pierre Mocaër insistiu no carate de neutralidade política e relixiosa d'esta manifestación, que hase inspirar no que se fixo en Quimper en 1924. «O fin esencial é de criar boas relacións entre a Bretaña, as Illas Británicas e a Galiza hispanola, que reivindica tamén a súa admiisión ao rango de nacionalidade céltica».

Já no ano derradeiro se fixera un honroso convite á Galiza pra asistir ao *Gorsedd* bretón tido en Pontivy, sen que circunstancias imprevistas houberan deixado preparar a viaxe aos nosos enviados. Agardamos qu'este ano ocorran as cousas d'outro xeito.

NÓS achase já en relación con Mr. Lalouet pra preparala representación galega no Congreso Pan-céltico de 1933.

OUTRAS NOVAS DAS TERRAS CÉLTICAS

No Congreso Pan-céltico de 1932, en Truro (Cornwall) fíxose o curioso experimento de ter unha discusión sómente en céltico. D'unha banda, o grupo Gael: irlandeses, maneses e escoceses; da outra o Bretón: galeses, cornicos e bretóns. Falaron cada un no seu, e comprenderonse moi ben.

Outra nota é o rehabilitamento da vella lingua *cornica*, que se falou no Cornwall británico (Cornubia) deica o ano 1790, dende'o qual, dábase por morta. A asociación *Old Cornwall* propoñase facela revivir, e ten hoxe 1590 membros —dende 1920— que a están depredando, sendo moitos os que já a falan.

O *Gorsedd* bretón de 1933 terase no mes d'Agosto, na Baie de Salut-Etflam.

O bardo Telen Myrddin endereitou ao Archidruída da Illa de Bretaña unha carta pedindo autorización pra constituir un *Gorsedd das Galias* que ajunte á todos os amigos da Tradición céltica repartidos polas provincias de Francia non bretónas, adiantándose aos países d'esprito céltico máis de linguas latinas.

Eis o que podería tamén ser intentado na Galiza.

A *Federación dos Carcos Célticos* de Bretaña traspasou a súa sede social á Rennes, onde organizou cursos de lingua bretóna e un coro nacional bretón.

UNHA INTERPRETACIÓN DE NORIEGA VARELA

Aquilino Iglesia Alvarito don unha conferencia en Ferrol, patrocinada pol-o Grupo galeguista de aquela cidade, encol de «Noriega Varela, poeta da montaña». Desenvolven a tese de que o autor de «Montañeses» é máis que poeta da montaña, poeta da humildade, poeta franciscán. O cantar á montaña non é a súa esencia poética. A súa esencia poética é cantar as cousas humildes. No ambiente montañés, adicouse á cantar as cousas humildes da montaña, que lle preocupan denantes que a montaña mesma.

LIBROS

ANTE EL ESTATUTO, por Manuel Portela Valladares.—Barcelona, 1932.

Comprende este libro d'actualidade, ojeito de constantes comentarios na imprensa galega, dous traballos *Unificación y diversificación de las nacionalidades*, conferencia feita no Centro Galego de Barcelona, no Día de Galiza do ano 1932, e *El Priscilianismo*, que desenvola un dos puntos da dita conferencia.

Con fonda intuición do ser da nosa Terra e das súas necesidades, o A. comenza c' unha síntese breve da historia de Galiza na que por certo espón ideas moi atinadas en col do rol que jogou Compostela e o culto jacobeo no desenvolvemento da Idade Meia peninsular, en col do significado da lenda carolingia, e máis dos motivos do arredamento de Portugal e do partido que neste asunto tomou Gelmírez. No capítulo II (*Las rutas de las nacionalidades*) enxerxa moi ben o que representaron os Reis Católicos pra unidade hispanola. É iste cecaís o punto que máis deberamos salientar do libro: o Sr. Portela ve aos Reis Católicos coma operando máis unha unidade relixiosa deseno hispánico e regalista, no que a Igrexa hispanola ven ficar nas súas mans, suxeitada á lles —en contra, engadémos nós, da dirección universal, vaticana, que de cote sostivo Compostela— que non unha unidade política, que o mesmo Rei Católico quixo crebar despois de viudo. Tamén debemos engadér el que Galiza, no tempo dos Reis Católicos tivo unha sorte d'inicio de Cortes propias que, de non teren sobrevido Cisneros e os Austrias, cecaís houberan dado algo de seu.

Despois de pór en relevo os desastrosos efectos do centralismo en todos lados, especialmente en Galiza, entra no capítulo III (*Ante el Estatuto*) no que percorre todos os problemas nosos, facéndose cargo con forte lóxica das obxeccións contra a autonomía galega, tanto dende'o punto de vista galego coma dende'o punto de vista hispanol. Pola súa síntese, resulta n'isto un libro moi conveniente.

No que toca ao Priscilianismo, non concordamos coa maneira de ver do A. Se respecto de Prisciliano, pódese perfectamente sostér co-él, con Babut, Paret e outros, que foi un asceta católico ortodoxo, non así dos seus seguidores, especialmente despois da súa morte; e menos, ao noso ver, que o priscilianismo represente o espírito céltico galego. O priscilianismo —deixando á salvo ao seu fundador, ata que teñamos un estudo máis fondo dos seus escritos— é unha doutrina d'inspiración perfectamente oriental, de procedencia asiática. V. R.

MEDIEVAL ALABASTERS FROM NAWORTH CASTLE, por Eric Maclagan.

O director de Victoria and Albert Museum, de Londres, publica um interessante trabalho na revista «The Antiquaries Journal», no número correspondente à Outubro de 1932, volumen XII, encol dos alabastros medievos do Castelo de Naworth.

É um trabalho que foi lido no 6. de Maio na Sociedade de Arqueólogos de Londres.

Trátase de nove relevos de alabastru, que foron policromados, e que se gardan no dito Castelo de Naworth.

Cre que soño un é o máis antigo, fixando sua data no século XIV, e que representa o asunto da Ascensión. O compaña tamén á unha táboa mutilada, que figurou co número 3 na Exposición das obras de alabastru da época medieval inglesa no 1910, e nomea á mesmo tempo outro anaco de alabastru de Kettlebaston no British Museum.

Fai notar, non embargantes, do dito relevo: que non atopo os símbolos pra poder identificar os Apóstolos, fora de San Xohán Evanxelista, que ten unha palma.

Dá conta despois de dúas imaxes: a Trindade e San Xohán Bautista. A táboa da Trindade é de tipo corrente e lembra outra imaxe donda en depósito, número 379, pol-o doctor Hildburg no Victoria and Albert Museum.

O San Xohán Bautista, sin chamar a atención, ten de particularidade a pel d'un camello: enteira, véndose os pés do mesmo animal. Imaxe semellante atópase tamén n'un retabro comperto no Victoria and Albert Museum e n'outro eisempramamente no dito Museo e depositado polo-o Dr. Hildburgh.

Estuda logo unha Asunción, un San Miguel e unha Santa Abadesa.

D'isto grupo da Asunción de Nosa Señora, nos dá que é interesante pol-a pintura primitiva que aínda conserva e pol-os pés da Virxen que non son correntes nas representacións inglesas.

Sobre a imaxe de San Miguel, non alcontra particularidades notables. Da Santa Abadesa, monxa e relixiosa, confesa que non podo identificala. Conxuntura, non embargantes, si poidera representar Santa Etheldreda, nsegún lembra unha linda estatua que se mostra no (A, 3-1912) de Victoria and Albert Museum.

Remata co terceiro grupo, ou sexa: San Oswald, a prisión o bico de Xudas e Nosa Señor.

Cita diversos pareceres de si pode identificarse con San Oswald o San Ethelbert, aínda que se inclina polo-o primeiro, por tratarse d'un santo rei inglés dos tempos máis remotos da Edade Media.

O asunto da prisión e bico de Xudas parece haber pertencido

do á un retabro d'unha Pasión. Tamén ennumera eisempares do Dr. Hildburgh no Victoria and Albert Museum. A figura de Malco no chan, preto dos pés de San Pedro, aparece n'unha tala atitade de reforzamento.

A estatua de Nosa Señor vése que foi torpemente descalza, podendo lle unha cabeza.

Supon que debe representar á Nosa Señor, mostrando toda a sua dor, e tendo na sua man esquerda un longo pau ou bastón benzoando co dereita. Mais opina que non se trata solo d'unha imaxe separada, senon d'unha táboa que no lado direito debía ter á Santa Catarina, sendo visitada na cadea por Nosa Señor, e semellanza da que figura co número 61 na «Exhibition of English Medieval Alabaster Work», como a Santa Catarina da eirexa de Santa María de Puente de Duero, e a Santa Catarina de Venecia e unha táboa da colección do Dr. Hildburg. Mais n'ista derradeira, o Nosa Señor aparece de horrelán á Santa María Magdalena, coase co mesmo traxe e compostura, pero levando unha legoa en vez do longo pau ou bastón.

Datan todas istas imaxes, sin contar a primeira, da segunda metade do XV ou comenzo do XVI.

Pon de releve a falta d'un bo catálogo das obras de alabastru feitas na Inglaterra, maiormente das moitas que andan pol-as eirexas e museos estranxeiros. Fala, á carón d'isto, d'unha táboa da Santísima Trindade que lle sorprendeu no pequeno e moi interesante Museo d'Arte Galega e Antigüedades de Pontevedra, entre Vigo e Santiago: un Museo, nsegún el, que recompensa magnificamente a sua visita.

Díxese de non haber podido facerse con unha fotografía.

Describe como o Deus Pai recolle as almas n'un lenzo e como ten o seu fillo Crucificado entre seus xionilos. Como dous anxos turiferarios están na parte oita e como outros dous con cálices recollen o sangue das mans que saen do Crucificado, mentras tamén outros dous fan o mesmo nos pés.

Dí que a táboa de Pontevedra se conserva ben e vense grandes trozos de pintura primitiva. Conxuntura que podo ser truída á Galicia por algún dos moitos peregrinos ingleses que viñeron de romaxe á Compostela, e fúndase no retabro que traxo e donou á Catedral de Santiago o illustre crego inglés John Goodyear.

Foi lástima que o sabido arqueólogo Mr. Eric Maclagan, no seu rápido viaxe á Galicia e á Compostela non poidera coñecer máis eisempares de alabastros, tales como os do Museo Blanco Cicerón e os de Mondoñedo. É indubidable que cos peregrinos da Inglaterra chegaron íse arte tan seu, como os alabastros dos séculos XV e XVI. O importante traballo de Mister Maclagan nos ven á mostrar o aprecio que os galegos debemos ter á tales alabastros.

X. CARRO

NINGÚN GALEGO debe iflorar a historia da sua Patria.

NÓS remite, libre de gastos, contra reembolso do seu importe a 2.ª edición da

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por RAMÓN VILLAR PONTE

6 Pesetas

MÁIS DE TRESCENTAS PÁXINAS :: A OBRA DE MAIOR ÉXITO EN GALICIA

NÓS

LEVA PUBLICADOS 55 VOLUMES QUE TODOS PODEN TER,
PAGÁNDOOS EN PRAZOS MENSUAES. PIDA CATÁLOGO Á

NÓS

Imprenta NOS.—Hortas 20. Santiago.



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



HELEZ

O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MAIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPA MELLOR.
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adquiera as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA

HORTAS, 20

SANTIAGO